

URBANISMO EN PONTE BOLEIRA

O noso corazón é unha, furna pequerrecha na que imos metendo pequenos retrincos da nosa existencia. De cando en vez unha airexiña de nada entra dentro remexe todo e aquel que estaba ala embaixo faino xurdir a superficie para petarche na porta da memoria e despertar as lembranzas e as conciencias.

Nos tempos nos que as lavadoras non existían a auga nas casas era un privilexio i eu aínda andaba con pantalóns curtos lémbrome que miña nai levabame a un labadoiro que había debaixo da Ponte Boleira no río dos Gafos. Ela levaba na cabeza a balleira coa roupa ea min permitíase que lle asudaxe con un caldeiro de zinc, utensilios eles que están xa en desuso .

No percorrido pasabamos polo solar onde atopábase a fábrica de curtidos e sempre me chamaba a atención a inmensa cheminea, esbelta, perfecta engrandecida aínda máis pola miña pequenez de neno

Non imaxinaba como fora posíbel facer xemellante monumento

Pasaron moitos anos, un comeza a sentir fisicamente o paso do tempo e aínda mira a arrogancia da cheminea sola dominando o arruinado solar e as novas construcións como si lle quisera lembrar que é máis bella ca ti e que aínda aguanta. Nós coas nosas presas e as nosas innovacións non aguantamos nada que non nos sexa de utilidade inmediata .O urbanismo de hoxe coa súa bagaxe de especulación nón saben de sentimentalismos eso queda para aquelas mulleres que me contaban con nostalgia de cando elas traballaban na curtidoira e bagoas de tristura esvaraban polas meixelas ao lembralo

Agora ven estamos vindo que se fan prazas e rotondas e se adornan con motivos algúns deles as veces incomprensíbel e aberrantes Non cabería na futura urbanización de Ponte Boleira un monumento secular símbolo da Pontevedra industrial dos nosos avós. Non estaría mellor que máis de catro que non din nada e con máis custe eu penso que a cheminea merece estar aí no medio dunha praza que ven podería chamarse da Curtidoira

Monumentos coma a cheminea xa non quedan, e tampouco é probable que os volvan facer por iso conservalos e un xeito de non perder a memoria de outra época da historia da nosa cidade, anacos da nosa vida que paseniñamente fan a nosa historia

Antón Roel